

## BASES PARA O CONCURSO:

### 1.000,00€, SERÁS CAPAZ DE GASTALOS?2018

#### Primeira.- OBXETO

A.C.O.E. pon en marcha o concurso “1.000€, serás capaz de gastalos?” 2018, que ten coma finalidade a promoción, fidelización e publicidade do comercio local.

#### Segunda.-ÁMBITO

As promocións e concursos da A.C.O.E., serán de ámbito local.

#### Terceira.- DURACIÓN

O concurso está previsto levalo a cabo o venres 24 de novembro de 2017. O concursante terá que persoarse nas oficinas da ACOE as 16:45 horas. O concurso levarase a cabo a partires das 17:30 horas e terá un tempo establecido pola ACOE, o cal se lle informará o concursante antes de dar comezo.

#### Cuarta.- PARTICIPACIÓN

O concursante seleccionarase mediante un sorteo aleatorio de entre tódolos posuidores da tarxeta de fidelización aestradaPlus da ACOE. A sorteo levarase a cabo uns días antes do concurso e nese mesmo día notificaráselle o agraciado. Ademais, no sorteo escolleranse 4 suplentes para que no caso de renuncia ou imposibilidade de contactar co primeiro agraciado pasaremos os seguintes suplentes.

Non poderán participar neste concurso os directivos da ACOE nin a xerente nin tampouco os familiares directos ou en primeiro grao de consanguinidade.

Só poderá participar no concurso unha persoa física, non poderá ter acompañante nin axuda externa e terá que ser maior de idade. Ademais, deberá presentar o seu DNI para poder identificalo.

En días anteriores o concursante seleccionará 5 comercios de cada unha das 3 urnas nas que están ocultos os comercios participantes na campaña.

As 17:30 horas comezará o concurso cas seguintes regras:

- Sairá das oficinas da ACOE e irá a pé levando unha cámara na cabeza e irá gravando todo o concurso. O final do concurso será no último comercio no que merque dos 15 seleccionados, no momento que teña a compra feita e con voz clara e alta diga STOP. Ese será o indicador do fin do concurso para o calculo dos tempos.
- Facilitáraselle un papel e un bolígrafo para ir facendo as contas do que vai comprando.
- Non poderá levar móbil nin calculadora.
- Terá un tempo máximo de 30´exactos, para comprar en tódolos comercios escollidos e levar o mostrador os produtos seleccionados.
- Terá que conseguir que a suma de tódolos produtos escollidos sexa de 1.000,00 € exactos.
- Non terá un tope de gasto en cada un dos comercios.

No caso de non cumprir algún das anteriores regras perderá o concurso e non poderá levarse ningún dos produtos comprados no concurso.

A ACOE ten previsto un agasallo de consolación en caso de non conseguir gañar o concurso.

O concursante levará unha cámara na cabeza e irá gravando todo o concurso. O vídeo resultante utilizarase para publicar nas redes sociais da ACOE e na súa páxina web. No caso de romper deliberadamente a cámara, anularase instantaneamente o concurso.

O incumprimento dos prazos e tempos marcados pola ACOE será causa suficiente e inescusable para anular o premio outorgado, perdendo o gañador todo dereito a reclamar o mencionado premio. Si o gañador renunciase o premio, poderase exixir que a aceptación ou renuncia se realice por escrito.

Si o gañador renunciase o premio, a organización do concurso declarará o mesmo como deserto.

O participante no concurso acepta que o seus datos e imaxe sexa utilizada para a promoción e publicidade do concurso e da campaña sin que dita utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún, coa excepción da entrega do premio no caso de conseguilo.

A ACOE reservase o dereito a realizar calquera tipo de modificación nestas bases sen previo aviso.

#### CONCURSANTE

- ACEPTO
- NON ACEPTO

NOME.....

APELIDOS.....

DNI.....

DATA.....

FIRMA.....

Al firmar este documento declara que ha leído y acepta la política de privacidad:

En cumplimiento de la política de protección de datos, se informa de los siguientes extremos: **Responsable del tratamiento:** Asociación de Comerciantes da Estrada | **Finalidad Principal:** Gestionar la inscripción de los asociados y mejorar la comunicación entre las partes. Proceder al envío de comunicaciones comerciales para mantenerse informado de las actividades salvo que se oponga enviando un correo a la dirección expuesta en la presente política | **Legitimación:** Consentimiento del interesado / Ejecución de la relación contractual | **Plazo Conservación:** Sus datos, serán conservados el tiempo mínimo necesario para la correcta prestación del servicio ofrecido, salvo que exista una obligación legal de conservación, así como para atender las responsabilidades que se pudieran derivar del mismo. | **Destinatarios:** No se cederán datos a terceros, salvo autorización expresa u obligación legal. Para la prestación del servicio se podrán comunicar los datos a las administraciones, bancos y entidades para el cobro de servicios, otros profesionales jurídicos cuando sea necesario para la prestación del servicio. El futuro socio no está obligado a proporcionar los datos, pero la no facilitación puede conllevar la imposibilidad de entablar comunicaciones profesionales | **Derechos:** Acceder, rectificar y suprimir los datos, portabilidad de los datos, limitación u oposición a su tratamiento, transparencia y derecho a no ser objeto de decisiones automatizadas. Si algún interesado considera que sus datos no son tratados correctamente puede dirigir sus reclamaciones al correo [info@acoe.es](mailto:info@acoe.es) o a la autoridad de protección de datos que corresponda, siendo la AEPD la indicada en el territorio nacional, [www.aepd.es](http://www.aepd.es). Puede solicitar más información en el correo electrónico o en nuestra web <http://acoe.es/>